



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 1 de 6

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

### Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento dos criterios dos investimentos financeiramente sustentables con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2017 (expte. 73-143).

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación da liquidación dos orzamentos das entidades integrantes do Grupo Administración Pública Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2017, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación co cumprimento dos criterios dos investimentos financeiramente sustentables, emite o seguinte

#### Informe:

##### Primeiro.- Normativa de aplicación.

- ✓ Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 169 a 177 e D.A. 16ª, e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, artigos 34 a 38.
- ✓ Artigo 32 e D.A. 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en adiante LEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria.
- ✓ D.A. 96ª da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.
- ✓ Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 22.2.e) e 47.2.
- ✓ Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se Ditan Medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008.

##### Segundo.- Definición de investimento financeiramente sustentable (IFS).

Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a D.A. 16ª do TRLRFL define como investimento financeiramente sustentable o que cumpre todos os requisitos seguintes:



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

1. Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
2. Que o investimento teña reflexo orzamentario nos grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais que se enumeran na citada D.A. 16ª. Cando o gasto de investimento nos grupos de programas citados na D.A., considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Quedan excluídas tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como as que se refiran á adquisición de mobiliario, avehíos e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.
3. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local. De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación Local, sempre que as mesmas teñan carácter complementario e derívense directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.
4. Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación Local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.
5. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril. No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2017, a parte restante do gasto autorizado en 2017 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2018 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2018.
6. O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 2 de 6

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 3 de 6

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB


**CONCELLO DE VIGO**  
 INTERVENCIÓN XERAL

horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación Local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirá ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación Local.

7. O interventor da Corporación Local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición.

**Terceiro.- Execución do gasto en investimentos financeiramente sustentables.**
**Investimentos financiados co superávit SEC obtido na liquidación do ano 2015.**

PROXECTO	DEFINICIÓN	Aplicación orzamentaria	Crédito orzamentario	Importe adjudicación	Gasto 2016	Gasto 2017	Gasto total	Gasto pendente
16153280	H. Beir.Castelao (entre Redondela e Porriño)	1532.6190080	250.000,00	212.550,00	0,00	212.550,00	212.550,00	0,00
16153281	H. Estornino	1532.6190081	1.150.000,00	872.200,45	0,00	872.200,44	872.200,44	0,01
16153282	H. Camélias (entre R. Maraño e J.R.Jimenez)	1532.6190082	1.000.000,00	777.798,89	0,00	777.798,89	777.798,89	0,00
16153283	Humanización, R, Alvaro Cunqueiro	1532.6190083	1.250.000,00	921.250,00	46.243,48	875.006,52	921.250,00	0,00
16153284	H.Vía Norte (entre T.Vigo e E.G.Fernández)	1532.6190084	1.350.000,00	1.085.413,56	284.821,36	799.169,55	1.083.990,91	1.422,65



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

14933010	Grada de Río no Estadio M. de Balaidos	9330.6320010	2.100.000,00	2.098.500,00	0,00	2.098.500,00	2.098.500,00	0,00
			7.100.000,00	5.967.712,90	331.064,84	5.635.225,40	5.966.290,24	1.422,66

### Investimentos financiados co superávit SEC obtido na liquidación do ano 2016.

PROXECTO	DEFINICIÓN	Aplicación orzamentaria	Crédito orzamentario	Data autorización	Data adjudicación	Gasto 2017
17153260	H. M <sup>a</sup> Berdiales, Gran Vía-H.Cortes	1532.6190060	194.609,70	09/11/17	Non	0,00
17153261	H. P. Saavedra, sanj. badía e Enrique Lorenzo	1532.6190061	306.096,89	05/12/17	Non	0,00
17153262	H.Rúa Colombia	1532.6190062	483.360,26	09/11/17	Non	0,00
17153263	H. Vía Norte, Esc. G. Fernández a Urzaiz	1532.6190063	2.301.549,34	14/12/17	Non	0,00
17153264	H. Camilo José Cela	1532.6190064	667.439,87	14/12/17	Non	0,00
17153265	H. J. Frau, entre L.Mora e A.Cunqueiro	1532.6190065	596.545,00	14/12/17	Non	0,00
17153266	H. Rúa Fátima	1532.6190066	225.000,00	09/11/17	Non	0,00
17153267	H. S. Jurjo Badía co Barrio das Flores	1532.6190067	595.000,00	21/12/17	Non	0,00
17153268	Renovación beirarrúa, Avd. Atlántida, F.2 <sup>a</sup>	1532.6190068	470.398,94	18/12/17	Non	0,00
17153269	H. Perímetro ext. Alvaro Cunqueiro	1532.6190069	1.600.000,00	21/12/17	Non	0,00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 4 de 6

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

17171020	Parque infantil P. Alvarado	1710.6190020	500.000,00	14/12/17	Non	0,00
17171001	Parque infantil en Navía	1710.6090001	1.100.000,00	26/12/17	Non	0,00
17171002	Parque skate en Navía	17106090002	300.000,00	16/11/17	Non	0,00
17171004	Parque skate en Barreiro (*)	1710.6090004	60.000,00	04/09/17	44.400,01	44.400,01
17171027	Parque infantil de Bouzas	1710.6190027	200.000,00	Non	Non	0,00
17171021	Parque infantil en Barreiro, ampliación	1710.6190021	200.000,00	21/12/17	Non	0,00
17171026	Parque infantil Praza Independencia	1710.6190026	200.000,00	14/12/17	Non	0,00
						44.400,01

(\*) Tramítase a través dun contrato menor por razón da contía.

**Cuarto.- Informe.**

Por esta intervención realizáronse as seguintes comprobacións:

**Primeira.-** A totalidade dos investimentos teñen reflexo orzamentario nos grupos de programas que se enumeran na D.A. 16ª do TRLRFL.

**Segunda.-** Os gastos realizados son imputables ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral.

**Terceira.-** A 31 de decembro de 2017, dáse cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 5 de 6

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 73/143

Data impresión: 12/02/2018 09:48

Páxina 6 de 6

CSV: 2BEB4-4EE83-433C8-285DB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

**Cuarta.-** Verifícase que, coa excepción do proxecto 17171027 ao que se fai referencia no parágrafo seguinte, o gasto de todos os proxectos de investimento financiados con cargo ao superávit SEC obtido na liquidación do ano 2016 foi executado ou autorizado (fase A) no ano 2017, podendo neste suposto comprometerse (fase D) e recoñecerse (fase O) no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante.

Como temos dito, non se ten aprobado no ano 2017 o expediente para a contratación das obras no "Parque infantil de Bouzas", código proxecto 17171027, polo que, con respecto ao citado proxecto, non se cumpren os requisitos establecidos na D.A. 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos termos do disposto na D.A. 96ª da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, razón pola que as obras citadas non poderán financiarse co superávit SEC obtido na liquidación do ano 2016 non existindo crédito para o seu financiamento.

**Conclusiones.**

Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e D.A. 16ª do TRLRFL todos os investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit SEC obtido na liquidación do ano 2016 cumpren os requisitos establecidos na normativa de aplicación, coa excepción das obras no "Parque infantil de Bouzas", código proxecto 17171027, polo que as obras citadas non poderán financiarse co citado recurso non podendo procederse a súa contratación ao non existir crédito para o seu financiamento.

Vigo, na data indicado ao marxe  
O interventor xeral municipal,  
Asdo. Alberto Escariz Couso